

**XIII Mostra de Teatro
Amador
"Terras do Orcellón" 2020
B A S E S**

PREÁMBULO

Benvidos á presentación da nosa Mostra de Teatro Amador do 2020.

Como vén sendo habitual neste evento que organiza Tiruleque, Grupo de Teatro, coa axuda e subvencións solicitadas á Deputación Provincial de Ourense e ó Concello do Carballiño, as representacións celebraranse entre o abano dos días 3, 10, 17, 24, 31 de Outubro e 7 de Novembro de 2020, ás oito e media da tarde, no Auditorio Manuel María do Carballiño.

O Auditorio Manuel María conta cun escenario de 6 mts. de alto, 14'40 mts. de longo (13'10 mts. en boca) e 8'70 mts. de fondo, cámara negra, pano de foro e de boca, chácena, dúas varas móbiles en altura para focos, e dous soportes fixos semi-frontais co mesmo fin. A potencia eléctrica é de 50.000 wts. Está dotado de 420 localidades, baños, duchas con auga quente e, segundo datos facilitados polo técnico do Auditorio:

<i>PA Peavey Auto amplificado 4000 W (800 wts + 800 wts Golgadas e 2 SUB Alto de 1.200 wts.S</i>	<i>Mesa Iluminación Eurolite DMX Gommaner 24/48</i>
<i>2 Monitores Alto de 800 wts</i>	<i>1 Dimmer 12Canles DPX 1210 DMX 2 Dimmer 4 Canles en varas laterais</i>
<i>1 MACKIE PRO FX12 - 6MIC IR - 6 LINE IR con Previo - 2 envíos Aux. Aínda así a manguera dispón de 16 envíos e 4 retornos a escenario.</i>	<i>8 focos teatro lente PC de 1000W</i>
<i>2 Sennheiser XSw 52 Headset G-Band (766 - 790 MHz) 8 banks /12 channels (MICRO DE DIADEMA)</i>	<i>2 Focos teatro lente Fresnel de 1000w</i>
<i>2 Sennheiser XSw 35 Vocal Set G-Band (766 - 790 MHz) 8 banks /12 channels (MICRO DE MARI)</i>	<i>2 Focos Recorte 26º Eurolite fs 600</i>
<i>2 Soportes negros de Xirafa</i>	<i>4 Focos PAR 64 de 1000 w 2 focos PAR led RGBWAU 100W</i>
<i>3 Soportes pequeno de 15 CM</i>	<i>Splitter DMX</i>

Cada grupo seleccionada percibirá a cantidade de setecentos (700'00 €) euros pola súa actuación, e os socios da Federación Galega de Teatro Aficionado (FEQATEA), oitocentos (800'00 €) euros.

Continuamos coa concesión do Premio Tiruleque, que se outorgará -a criterio da organización- ó mellor grupo teatral participante. Este premio, que non ten contido económico, consiste na contratación directa do grupo gañador para a futura XIV Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2021, sen ter necesidade de pasar pola escolma do Xurado cualificador.

Annunciamos que non está no noso ánimo aplicar as bases de participación dun xeito totalmente rixido e inflexible; non obstante debemos manter un certo rigor para que as normas, coas que o xurado cualificador debe facer a escolma para a participación na Mostra, poidan manter unha total igualdade de condicións para todos vós. Por iso pedimos a vosa colaboración, co fin de que presentedes as ofertas dentro do marco que solicitamos, que se explican a continuación máis polo miúdo, e que pregamos que leades detida e atentamente:

PRIMEIRO:

Son requisitos imprescindibles,

- 1.- Que as obras estean interpretadas no idioma galego.
- 2.- Que teñan unha duración de 60 minutos como mínimo, e de 90 minutos como máximo.
- 3.- Que os grupos participantes sexan afeccionados.

SEGUNDO:

- 1.- Os grupos interesados en participar na XIII Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2020, deberán remitir ó enderezo de Tiruleque, que máis adiante se amosa:
 - 1.1- Ficha de Inscripción debidamente cuberta e firmada.
 - 1.2.- Catro fotos (mínimo) da representación da obra en formato **JPG** (ollo! **NON** en papel, **PDF**, **TIFF** ou calquera outro formato).
 - 1.3.- Cartel da obra en formato **JPG** (insistimos! **NON** en papel, **PDF**, **TIFF** o calquera outro formato).
 - 1.4.- DVD da obra, lapis (*pen drive*) ou, preferentemente, enlace de internet onde se poida ver.

- 1.5.- A data límite para enviar as inscricións e documentación será o día 10 de Xuño de 2020.
- 2.- Deberá terse en conta que os grupos seleccionados teñen a obriga de mandar 20 carteis en tamaño A3-Plus da obra a representar cando así lles sexa requirido pola organización da Mostra. No caso de non recibirse os amentados carteis, Tiruleque encargárase da súa confección; pero os gastos da súa impresión correrán por conta do grupo seleccionado; importe que se deduciría do pago final.
- 3.- A carga e descarga do material, montar e desmontar a obra, será responsabilidade de cada grupo participante, aínda que Tiruleque estará sempre no Auditorio Manuel María do Carballiño para recibir e asistirvos durante toda a xornada, como ven sendo costume e obriga que nos botamos derriba con gusto.
- 4.- Como é lóxico, a inscrición na XIII Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" 2020, implica a aceptación destas bases
- 5.- As ofertas deben dirixirse, ben por correo ordinario ou electrónico, a:

Tiruleque, Grupo de Teatro
Rúa Tomás M^a Mosquera 36 - 1^a
Apto. 115
32500 O CARBALLIÑO (Ourense)
Tfnos. 988 27 00 90 * 617 35 44 56
tiruleque@galicia.com
tirulequeteatro@gmail.com

É evidente que as fotografías e cartel amentado no apartado SEQUUNDO, 1.2 - 1.3 deberemos recibilas necesariamente por correo electrónico, ou ben nun CD, lapis (*pen drive*) ou dispositivo semellante de onde se poidan extraer.

TERCEIRO:

- 1.- Tiruleque, Grupo de Teatro resérvase o dereito a gravar as actuacións dos grupos seleccionados; gravación que pasará a formar parte do arquivo da Mostra, se ben enténdese que tal gravación non poderá ser cedida a terceiros sen permiso do grupo participante.
- 2.- Tiruleque, Grupo de Teatro resérvase o dereito a mudar a hora de comezo das representacións, se tivera tal necesidade por motivos de organización, avisando de tal circunstancia ó grupo ou grupos participantes con tempo de abondo.

3.- Tiruleque, Grupo de Teatro resérvase o dereito a resolver calquera dúbida que puidera xurdir sobre a interpretación destas bases.

CUARTO (A modo de comentario):

- 1.- Aconsellamos ós grupos seleccionados que traian os seus propios filtros de cores.
- 2.- Avaliaremos positivamente a posibilidade de facer un intercambio para eventos semellantes co noso grupo de teatro, así como a pertenza á Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA).
- 3.- Pídense preferentemente comedias para adultos, non obstante, se algún colectivo tén no seu repertorio un musical, drama, traxedia, revista ou unha obra infantil, que non nos deixe de mandar a súa proposta, xa que de non ser neste espazo, podería atopárselle outro semellante.
- 4.- Preferimos que a obra sexa orixinal do grupo. Estamos intentando fuxir dos pagos do canon ás sociedades de autores, que en todo caso correrán a cargo do grupo participante, ó que se lle xirará unha minuta de gastos pola factura que nos poidan pasar as sociedade de autores, como xa se fixo nas edicións anteriores a algúns grupos que pasaron polo Carballiño.
- 5.- A organización porá a disposición dos grupos seleccionados dúas entradas de protocolo por cada actor, actriz e técnico da compañía; que se lles entregarán antes de cada función para a súa distribución discrecional, se nos foses solicitadas.

Quixeramos ter o ditame no xurado nos primeiros días de Xullo. Non o deixedes de man o envío das vosas propostas que o tempo logo se bota derriba.

Esperámosvos!!!

Apartas e moito teatro.

O Carballiño, Febreiro de 2020.

